

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Oza dos Ríos

CURSO: 6º primaria

MATERIAS: Ciencias naturais, ciencias sociais, matemáticas, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, educación artística (plástica), valores sociais e cívicos.

DATA: 12 de maio de 2020.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e ampliación)
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

CIENCIAS NATURAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais, establecendo relacións entre elas e hábitos de saúde.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.	Identifica as principais características e funcións do aparato respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Identifica as características e clasifica os seres vivos.
Investigar as principais características dos ecosistemas.	Explica as relacións entre os seres vivos e recoñece algúns ecosistemas.

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Explicar as principais características de cada tempo histórico e acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	Identifica as etapas históricas asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais de cada unha e nomea fontes históricas representativas.
Identificar as principais unidades de relevo de Europa e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Identifica e localiza nun mapa o relevo de Europa e a súa rede hidrográfica, así como as súas características principais.
Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais.	Explica o uso sostible dos recursos naturais adoptando medidas de actuación que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Ler, escribir e ordenar distintos tipos de números (naturais, romanos, fraccións e decimais ata as milésimas)	Identifica e ordena os diferentes tipos de números interpretando o valor posicional de cada unha das súas cifras.
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, en situación de resolución de problemas.	Reduce fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Realiza operacións con decimais e fraccións do mesmo e distinto denominador.
	Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.
	Redondea números decimais á decima, centésima ou milésima máis próxima.
	Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
	Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións e aplicar as propiedades destas.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
	Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
Iniciarse no uso de porcentaxes sinxelas e a proporcionalidade directa.	Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa.
Coñecer e utilizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega algoritmos estándar e descompón de forma aditiva e aditivo-multiplicativa números menores de un millón, atendendo ao valor posicional das súas cifras.
	Calcula divisores de calquera número menor de 100.
	Calcula o m.c.m e m.c.d
	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.	Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais.
Comprender o sentido global dos textos orais, atendendo á súa tipoloxía e recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas non explícitas.	Identifica o tema e as ideas principais dun texto.
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais	Reproduce comprensiblemente textos orais.
Ler en voz alta diferentes textos con fluidez e entoación adecuada.	Le con precisión diferentes tipos de textos apropiados á idade.
Comprender distintos tipos de textos apropiados á idade e utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica ideas principais e secundarias.
	Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información.
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, aplicando regras ortográficas e coidando a caligrafía e presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos de diferentes ámbitos.
	Resume o contido de diferentes tipos de texto.
	Aplica correctamente signos de puntuación, regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
	Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas.
Aplicar coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais, o vocabulario e regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica categorías gramaticais e diferencia familias de palabras.
Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	Usa con eficacia a internet e as TIC para escribir, presentar textos e buscar información.

Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, refráns...	Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.
--	--

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Comprender e producir textos orais propios do uso cotiá ou do ámbito académico.	Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
	Identifica a estrutura dun texto e reconece algúns mecanismos de cohesión.
	Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	Utiliza as TIC para localizar e seleccionar información nun texto.
	Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía.	Le texto en voz alta con fluidez e precisión
Usar as estratexias de planificación e textualización (estrutura, ortografía, puntuación, coherencia...) e revisión do texto.	Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e respectando regras de puntuación.
Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular.	Aplica correctamente as normas xerais de acentuación e as demais normas ortográficas.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
	Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias.	Reconece as principais características dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo experimentando con diversos materiais e técnicas pictóricas e elixir as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
Utilizar as TIC de xeito responsable para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	Utiliza as TIC como fonte de información e documentación para a produción de creacións propias.
	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor...)

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.
	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">• No 1º e 2º trimestre combináronse diferentes procedementos e instrumentos de avaliación (observación directa, rexistro anecdótico, probas orais e escritas, rúbricas, portfolio...)• Seguimento da entrega de traballos de repaso, reforzo e ampliación en diferentes formatos (ficheiros adxuntos no Edixgal, mails, fotografías, vídeos...)
Cualificación final	procedemento para obter a cualificación final de curso: <p>Farase unha media da 1ª e 2ª avaliación e terase en conta o traballo realizado no período de confinamento para subir a nota sempre e cando este sexa positivo.</p> <p>Tamén se valorará o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (Recuperación, repaso, reforzo e ampliación)

Actividades	Lévanse a cabo actividades de reforzo e repaso, nalgún caso pequenas actividades de ampliación, dos contidos do 1º e 2º trimestre, sendo estas, na medida do posible, de carácter globalizado e interdisciplinar e tendo en conta as adaptacións para o alumnado con NEAE.
Metodoloxía	A metodoloxía levada a cabo co alumnado foi a través da plataforma de aprendizaxe Eva E-Dixgal , páxina web do colexio, correo electrónico, videoconferencias...; tamén coas familias a través de aplicacións móbil de mensaxería, correo electrónico, páxina web do centro, chamadas telefónicas...
Materiais e recursos	Os materiais e recursos empregados foron os libros dixitais (E-Dixgal), libretas, folios ou outros materiais funxibles, vídeos educativos e explicativos, actividades interactivas na web, recursos dixitais en xeral.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	Procedemento para informar ao alumnado. Apartados específicos de mensaxería e comentarios a través do E-Dixgal, correo electrónico, aplicacións de mensaxería, páxina web do centro, chamadas telefónicas e algunha videoconferencia.
Publicidade	Publicación da adaptación da programación na páxina web do centro.